


PARROQUIA DE XERMADE



A nosa Igrexa parroquial

Algúns veciños preguntan datos sobre a historia da nosa Igrexa parroquial. Despois de revisar os libros da Parroquia e do Arquivo Diocesano, ofrécense aquí algúns datos e detalles da súa construción.

Igrexa inaugurada en 1919

A igrexa actual de Xermade inagurouse en 1919. Así o expresa a acta da Visita Pastoral que fixo o Bispo en setembro de 1919: *"En la tarde del día 7 el Obispo bendijo la nueva iglesia parroquial... Expresó su complacencia y agradecimiento hacia los vecinos por lo mucho que se han sacrificado para edificarla ... y les animó a construir también un nuevo cementerio"*.

Gastouse nas obras da igrexa un total de 22.144 pts. Delas unhas 8.000 pts. foron concedidas en diversas subvencións polo Ministerio de Gracia y Justicia.

Debe sulifiarse tamén, polos datos aportados, que os veciños cargaron coa manutención dos serradores e carpinteiros durante 688 días, e axudaron coa man de obra durante unhas 919 xornadas. Todos estes datos constan nos escritos remitidos ao Bispado polo Párroco D. Pedro Justo Otero.

Na acta da Visita que fai o mesmo Bispo, D. Juan José Solís, en 1924 afirmase: *"El Obispo vio complacidísimo la torre y otros detalles de la nueva y hermosa iglesia, y también el amplio cementerio, con expresiones de elogio y gratitud para D. Tomás Martínez (e.p.d.), a cuya influencia y sacrificios se debe la realización de las obras..."*

O reloxo da igrexa foi adquirido en 1961, e costou 30.000 pts.

A Capela do Cemiterio foi construída en 1942 por iniciativa do Párroco D. Pedro, que invertiu no seu coste unhas 7.000 pts. dos seus fondos persoais. Alí está agora sepultado.

Posteriormente, en 1976, sendo Párroco D. Alfonso de la Torre, fíxose unha notable reparación da igrexa, coa consolidación da torre do campanario.

Debemos recordar tamén a existencia da antiga igrexa, casa rectoral e cemiterio, dos que quedan algúns restos aínda visibles no lugar.

O Cura de Xermade: D. Pedro Justo Otero (1880-1966)

Hai que destacar o seu traballo e a súa capacidade de animar e coordinar o traballo comunitario. Desde o ano 1915 en que chegou a Xermade ata a súa morte en 1966 fixo unha obra excepcional, cos pobres recursos materiais de que dispoñía, pero tamén co desexo de que a Parroquia puidese ofrecer uns servizos relixiosos dignos e funcionais.

Por iso os veciños lle brindaron unha merecida homenaxe con motivo das súas Vodas de Ouro (50 anos) sacerdotais en xaneiro de 1961, e sufragaron unha lápida que pode verse na igrexa: *"sus feligreses le dedican este recuerdo como prueba de cariño y gratitud"*.

Que reciba tamén unha vez máis o noso recoñecemento - Xullo 2012